

#7

LCD

REVISTA CULTURAL | #7




1

# LCD

Lugo Cultura Dixital

MURALLA ABERTA







ORGANIZA:



COLABORA:



LCD

REVISTA CULTURAL | #7



2



## RESUMO

### 3 EDITORIAL

D<sup>a</sup> ANA BELÉN TRASEIRA PENA

Directora do Centro Asociado da UNED en Lugo

### 4 Arde Lucus.

Lugo: Unha viaxe a través do tempo desde as súas raíces ata o Arde Lucus

### 10 Ribadeo Indiano:

unha década conectando Galicia e América

MAITANE L. FORMADELA

### 15 Fiadeiras.

Tecendo Rede entre Mulleres e Cultura.

Un ciclo que dá voz ás mulleres galegas no ámbito cultural

### 20 Moexmu. Asociacionismo

JOSE MANUEL RUS

### 24 Moldavia no foco.

UNED Lugo Sen Fronteiras explora a realidade dun país crave na xeopolítica actual

### 25 Europa ante o espello:

desafíos internos e externos

FERNANDO MARTÍNEZ ARRIBAS

### 27 Falamos?

A Lingua Materna como Dereito e Patrimonio

D<sup>a</sup> ANA BELÉN TRASEIRA PENA

### 30 A desinformación

ADRIANO J. ALFONSO RODRIGUEZ



## D<sup>a</sup> ANA BELÉN TRASEIRA PENA

Directora do Centro Asociado da UNED en Lugo

**B**envidas e benvidos a unha nova edición da revista *Muralla Aberta*, o espazo onde recolleemos as iniciativas culturais máis destacadas da provincia no marco do proxecto *Lugo Cultura Dixital*. Nesta ocasión, celebramos o lanzamento do **podcast LCD**, unha nova plataforma de difusión cultural que arrancou en decembro de 2024 con tres episodios iniciais.

A UNED de Lugo está nun momento de grande dinamismo e expansión, como tiveron a oportunidade de compartir no episodio especial de **LCD A Educación**. Neste podcast, puidemos reflexionar sobre os retos e as oportunidades do ensino superior a distancia, así como sobre o impacto positivo que a UNED está a ter na nosa contorna. Esta

nova ferramenta comunicativa permítenos conectar coa comunidade educativa e co público en xeral, facilitando a difusión do coñecemento e da cultura.

Nesta edición abordamos tamén temas sociais de gran relevancia. José Manuel Rus achéganos unha análise sobre *A Forza do Rural*, destacando o valor e a resiliencia das comunidades rurais de Lugo. Adriano Alfonso reflexiona sobre os desafíos da desinformación na sociedade contemporánea, un tema crucial na era dixital, mentres que Fernando Martínez analiza a encrucillada na que se atopa Europa en materia de política exterior, un aspecto fundamental para comprender o contexto global actual.

Por outro lado, mergullámonos no eido cultural con iniciativas que enriquecen a identidade de Lugo. Destacamos o **ciclo Fiadeiras**, unha iniciativa da UNED de Lugo que busca visibilizar a traxectoria e os desafíos de mulleres galegas referentes nos seus ámbitos profesionais e creativos. A través de conversas e testemuñas, este ciclo pon en valor a loita pola igualdade de xénero e a importancia de xerar espazos para a reflexión e o intercambio de experiencias.

Exploramos a historia e a tradición do Ribadeo Indiano, un evento que nos conecta co noso pasado e co legado da emigración galega. Para completar esta viaxe, falamos do Arde Lucus, unha celebración que transforma a cidade nun auténtico escenario de recreación histórica, consolidándose como unha das festas máis emblemáticas do noso territorio.

Con este novo número de *Muralla Aberta*, reafirmamos o noso compromiso coa difusión da cultura e do coñecemento. A través do podcast *LCD* e dos artigos desta edición, seguimos a construír unha plataforma de divulgación que aposta pola innovación e pola posta en valor do noso patrimonio. Agradecemos a todas as persoas que fan posible este proxecto e convidámosvos a seguir participando activamente nesta aventura cultural.

Moitas grazas por acompañarnos. Sigamos xuntas e xuntos na tarefa de preservar e divulgar a riqueza cultural de Lugo.





ARDE LVCVS  
MMXXIV

# ARDE LVCVS 2025

12, 13, 14 e 15  
de XUÑO



Concello de Lugo  
ALCALDÍA

Xuventude  
e Deportes

Arde  
· LVCVS



# Arde • Lucus

## Lugo: Unha viaxe a través do tempo desde as súas raíces ata o Arde Lucus

PERCORREMOS O PASADO DE LUGO PARA CHEGAR ATA A ACTUALIDADE, ANALIZANDO A RELACIÓN ENTRE AS RAÍCES DA SOCIEDADE LUGUESA E A FORMA DE VIDA ACTUAL

Lugo, a cidade máis antiga de Galicia, eríxese como un testemuño vivo da historia, onde as pegadas dos celtas e romanos se entrelazan para dar forma a unha identidade única.

Os primeiros habitantes da zona foron as tribos celtas, que se asentaron na rexión miles de anos antes da chegada de Roma. Antes da chegada dos romanos, o territorio que hoxe coñecemos como Lugo estaba habitado polos celtas, especificamente polo pobo dos lucenses. Estes pobos construíron castros, asentamentos fortificados que se adaptaban á orografía do terreo e que servían como centros de defensa e vida comunitaria. Restos destes castros atopáronse en diversas partes do municipio, evidenciando unha rica cultura celta na rexión.

A chegada dos romanos no século I a.C. marcou un punto de inflexión. No ano 25 a.C., o legado de Octavio Augusto, Cayo Antistio Veto, estableceu un campamento militar romano preto dun castro celta no actual Lugo. Posteriormente, fundou a cidade de Lucus Augusti, en honra ao emperador. Esta fundación marcou o inicio dunha nova era para a rexión, integrando as tradicións celtas coa cultu-

ra romana e establecendo Lugo como un importante centro administrativo e comercial na Gallaecia romana. Así, Lugo pasou a ser unha próspera cidade romana, Lucus Augusti, cunha muralla de defensa que, aínda hoxe, é un dos mellores exemplos de fortificación romana do mundo.





# Arde • Lucus

## LUGO:

Unha viaxe a través do tempo desde as súas raíces ata o Arde Lucus



Unha das estruturas máis emblemáticas de Lugo é a súa muralla romana, construída no século III d.C. Esta fortificación, que rodea o casco histórico da cidade, é a muralla romana mellor conservada do mundo. Con 2.266 metros de lonxitude e coroa por 85 torres, das cales 71 se conservan na actualidade, a muralla foi testemuña de innumerables eventos históricos e xogou un papel crucial na defensa da cidade ao longo dos séculos. Foi declarada Patrimonio da Humanidade pola UNESCO no ano 2000.

A cidade medrou, converténdose nun importante centro administrativo e comercial do Imperio. O foro, as pontes e outras estruturas romanas que se conservan na cidade son testemuños dunha época na que Lugo formaba parte dun vasto imperio que se estendía por toda Europa.

### O NACEMENTO DE ARDE LUCUS: UNHA FESTA PARA RECUPERAR A HISTORIA

Arde Lucus xurdiu no ano 2000 como unha maneira de conmemorar ese rico pasado romano e celta. O nome da festa fai referencia ao Lucus romano e ao verbo arde, que remite á tradición do lume, tan importante tanto para os

celtas como para os romanos. Durante a celebración, Lugo mergúllase no pasado, e os habitantes e visitantes transforman a cidade nun escenario de época, coas rúas cheas de romanos, celtas e outras figuras históricas.

O obxectivo inicial da festa era promover a historia de Lugo entre os veciños e crear un evento que atraera tamén ao público visitante. E, sen dúbida, logrouse: Arde Lucus converteuse nun evento que cada ano atrae a miles de persoas, non só de Galicia, senón de diferentes partes de España e de Europa. Nas súas últimas edicións, o Arde Lucus atraeu a preto de medio millón de visitantes, consolidándose como unha das festividades máis importantes de Galicia.

O Arde Lucus conta coa colaboración de diversas asociacións de recreación histórica, cada unha especializada en diferentes aspectos da cultura romana e castrexa. Estas asociacións traballan xuntas para recrear a vida na antiga Lucus Augusti e ofrecer aos visitantes unha experiencia inmersiva no pasado da cidade.

As 19 asociacións que colaboran no Arde Lucus son: Ara Roma, Asamblearias Lucus Augusti, Caetra Lucensium, Ci-



# Arde • Lucus

## LUGO:

Unha viaxe a través do tempo desde as súas raíces ata o Arde Lucus



vitae Lucensis, Clan de Breogán, Cohors III Lucensium, Garda Pretoriana, Kertix, Lucus Equites, Lucus Icenas Miliatore, Lugdunum, Mercenarios Galaicos, Pax Romana, Salesiani Luci Augusti, Senatus Lucus Augusti, Terra Copora, Tir Nan Óg, Trebas Galaicas e Vestales Lucus Augusti.

Estas asociacións, que suman preto de mil socios, desempeñan un papel fundamental na organización e realización das actividades do Arde Lucus, contribuíndo á súa riqueza cultural e histórica, xa que cada unha aporta a súa especialización para recrear diferentes aspectos da vida romana e castrexa, desde campamentos militares e mercados artesanais ata representacións teatrais e desfiles. A súa colaboración permite que o Arde Lucus sexa unha festividade de interese turístico internacional, que atrae a miles de visitantes cada ano.

### AS ACTIVIDADES DO ARDE LUCUS

Durante o Arde Lucus, Lugo échese de campamentos militares romanos e castreños, mercados artesanais, desfiles e representacións teatrais que recrean a vida cotiá da época. As rúas e prazas transformáronse en escenarios históricos, ofrecendo aos visitantes unha experiencia inmersiva no pasado. Ademais, realízanse talleres de artesanía, como os de madeira, onde os participantes poden aprender técnicas tradicionais. O desfile principal, que percorre as principais arterias da cidade, é un dos momentos culminantes

da festividade e, nel, as rúas de Lugo convértese nunha verdadeira recreación histórica. As comparsas, grupos e individuos que participan na festa visten disfraces romanos, celtas, gladiadores ou outros personaxes históricos. A orixinalidade e a creatividade son claves para que os participantes se destaquen durante o desfile, que comeza pola tarde e percorre o centro histórico da cidade.

Pero Arde Lucus non se limita ao desfile. Durante os días de celebración, a cidade tamén se enche de actividades para todos os públicos. Os máis pequenos teñen a oportunidade de participar en talleres de artesanía e recreación, como o traballo en madeira ou forxado de metais, actividades que permiten aos nenos (e aos adultos) somerxerse de cheo na cultura romana e celta.

Tamén se organizan espectáculos e parodias que reflicten a vida na Roma antiga e as tradicións celtas. Desde combates de gladiadores ata representacións teatrais de mitos e lendas, o evento conta cunha ampla programación de actividades que mantén o interese de lugueses e turistas ao longo de toda a festa.

### IMPACTO DO ARDE LUCUS NA CIDADE

Aínda que Arde Lucus ten as súas raíces na historia local, a súa repercusión vai moito máis alá. Cada ano, Lugo recibe milleiros de turistas que queren formar parte desta



# Arde • LUCVS

## LUGO:

Unha viaxe a través do tempo desde as súas raíces ata o Arde Lucus



festa. Na última edición, as cifras oficiais falaban de máis de 200.000 persoas que pasaron polo centro histórico de Lugo durante os días da festa. Ademais, os datos apuntan a que cada vez máis visitantes internacionais se achegan á cidade para vivir a súa experiencia en Arde Lucus, especialmente desde Europa e América Latina.

A festa tamén atrae a un gran número de medios de comunicación que dan cobertura ao evento, e as redes sociais non fan máis que sumar visibilidade a este evento, converténdoo nunha cita obrigatoria para os amantes da historia e do turismo cultural. Arde Lucus conseguiu, ademais, ser recoñecida como Festa de Interese Turístico Internacional, un distintivo que reafirma a súa importancia.

O Arde Lucus ten un impacto significativo na economía local, especialmente no sector da hostalería. Durante os días da festividade, os establecementos hoteleiros e restaurantes experimentan unha ocupación próxima ao 100%, cun incremento notable na demanda de servizos. Este aumento turístico beneficia a numerosos negocios locais e contribúe ao dinamismo económico da cidade.

Durante os días do evento, a cidade se enche de visitantes que aproveitan para degustar a gastronomía local, coñecer os bares e restaurantes da zona e, por suposto, disfrutar da auténtica experiencia lucense. Os establecementos hostaleiros xa se preparan para recibir a miles de persoas e, polo xeral, hai unha gran afluencia de clientes nos días previos e posteriores á festa. Neste sentido, Arde Lucus supón tamén unha oportunidade de ouro para a cidade de Lugo, que ve mellorar a súa imaxe e aumentar o seu perfil turístico durante as semanas previas ao verán.

### O ARDE LUCUS COMO REFLEXO DO LUGO ACTUAL

O pasado romano de Lugo non só se conserva nas pedras da muralla e nas ruínas antigas. As tradicións, as lendas e a identidade da cidade están vivas, e Arde Lucus é a mellor mostra diso. A festa non só é unha vía para recordar o pasado, senón tamén un punto de encontro para a cidade actual, que se ve reforzada no seu sentido de comunidade e identidade cultural.



# Arde • Lvcvs

## LUGO:

Unha viaxe a través do tempo desde as súas raíces ata o Arde Lucus



A través de Arde Lucus, Lugo tamén se conecta co seu presente, facendo que a xente se aproxime á súa historia dunha maneira divertida e educativa. A cidade se ve na súa máxima expresión cando se mesturan os ecos do pasado coa vitalidade e o dinamismo dos lugueses que, ano tras ano, se involucran na festa.

Ademais, a celebración do Arde Lucus non só é un homenaxe ao pasado, senón tamén unha oportunidade para reflexionar sobre a evolución de Lugo e a súa capacidade para integrar a súa rica historia na vida contemporánea. A cidade soubo preservar os seus monumentos e tradicións, ao tempo que se adapta aos cambios e desafíos do mundo moderno. A muralla romana, por exemplo, non só é unha atracción turística, senón tamén un espazo de convivencia e actividade social para os lugueses.

Lugo é unha cidade que, a través dos seus monumentos, festividades e tradicións, mantén viva a memoria do seu pasado celta e romano. A cidade de Lugo, que conserva vestixios do seu pasado celta e romano, revive cada ano, a través desta celebración, a súa rica historia.

O Arde Lucus é unha manifestación deste compromiso coa historia, ofrecendo a residentes e visitantes unha experiencia única que conecta o pasado co presente. Ao participar

nesta festividade, contribúese á preservación e difusión da rica herdanza cultural de Lugo, asegurando que as xeracións futuras poidan seguir gozando deste legado.

O evento, que creceu desde os seus humildes comezos ata converterse nunha das maiores festas históricas de Europa, segue sendo unha das citas máis esperadas do ano tanto para os lugueses como para os miles de visitantes que chegan á cidade. Arde Lucus é a mellor forma de mergullarse no pasado e vivir a historia de Lugo dunha maneira única. E, por suposto, é tamén un motor económico e turístico que continúa impulsando a cidade, facendo de Lugo un referente cultural en Galicia e no resto do mundo.

# Arde • Lvcvs



# RIBADEO INDIANO

*Alén do tempo*





# RIBADEO INDIANO

## unha década conectando Galicia e América

Autor:

**MAITANE L. FORMADELA**

Cada verán, Ribadeo revive a súa historia coa celebración do Ribadeo Indiano, un evento que este ano chega á súa décima edición e que honra aos emigrantes que, tras facer fortuna en América, voltaron á súa terra natal, deixando unha pegada profunda na súa cultura, arquitectura e sociedade.

Fai dez anos, un grupo de veciños, contando co apoio do goberno municipal, impulsou a creación do Ribadeo Indiano para homenaxear aos emigrantes que transformaron a vila. O seu esforzo converteu esta celebración nun dos eventos máis destacados do verán galego, atraendo a miles de visitantes cada ano. Durante un fin de semana, as rúas desta vila lucense recuperan a esencia dos inicios do século XX, transportando veciños e visitantes a unha época de esplendor, marcada pola prosperidade e a sofisticación que trouxeron os chamados indianos.

Nas últimas décadas do século XIX e as primeiras do XX, a emigración transformou Ribadeo. Como en moitas outras localidades galegas e asturianas, a falta de oportunidades levou a centos de ribadenses a probar a sorte en destinos como Cuba, Arxentina, Uruguai, Porto Rico ou México. Non obstante, ademais de enviar axuda económica aos seus

seres queridos, moitos deles voltaban despois de acadar o éxito, traendo consigo un espírito emprendedor e unha perspectiva renovada das “Américas”.

Este retorno supuxo un impulso decisivo para o desenvolvemento do municipio. Os indianos investiron en empresas industriais e comerciais; ademais, converteronse en mecenas de múltiples iniciativas socioculturais e de infraestruturas. Grazas ao seu aporte, en Ribadeo construíronse escolas, traídas de augas, prazas de mercado, cemiterios e a Granxa-Escola Agrícola Pedro Murias, entre outras moitas melloras.

### ARQUITECTURA INDIANA: UN LEGADO VISIBLE EN CADA RECUNCHO

A manifestación máis evidente desta herdanza é a súa arquitectura indiana, que realza a beleza das rúas de Ribadeo. Estas vivendas, construídas entre finais do século XIX e principios do XX, presentan un estilo inconfundible que mestura influencias europeas e coloniais. Trátase de casas amplas, con grandes fiestras, xardíns exuberantes con palmeiras e magnolios, fachadas decoradas con detalles modernistas e arranxos de forxa que substitúen os



## RIBADEO INDIANO:

unha década conectando  
Galicia e América



tradicionais murais de pedra. Moitas delas atopáronse na Rúa San Roque, coñecida como o barrio indiano por excelencia, onde un paseo permite contemplar esta particular fusión arquitectónica.

### UN ENCONTRO CULTURAL: MODA, MÚSICA E GASTRONOMÍA

O Ribadeo Indiano é un tributo á arquitectura e unha verdadeira inmersión cultural na sociedade que os indianos trouxeron de América. Durante este evento, tanto os ribadenses como os visitantes visten traxes de época, desempeñando os seus mellores traxes para recrear fielmente a moda de aquel tempo.

Os homes visten guayaberas brancas, camisas de liño, traxes en tons claros e o característico sombreiro panameño, símbolo de elegancia e distinción. As mulleres, pola súa banda, locen vestidos vaporosos con rendas e blondas, pamelas adornadas con flores e abanicos que evocan o estilo das grandes capitais americanas como A Habana e Bos Aires.

A música tamén xoga un papel fundamental na celebración. Ritmos como o son cubano, a habanera ou o tango resoan polas rúas, recordando a influencia cultural que estes emigrantes trouxeron dos seus destinos de ultramar. Grupos de música en vivo, espectáculos de danza e actuacións ribeirenses en pleno aire enchen Ribadeo dun ambiente festivo que transporta a outra época. Nos últimos anos, artistas de renome como Vicente García, gañador de tres premios Grammy, Eliades Ochoa, líder de Buena Vista Social Club, e a talentosa Lila Downs, gañadora de seis Grammys Latinos, pecharon as edicións pasadas con actuacións inesquecibles, que xunto co Sorteio do Viaxe a Cuba se converteu nun gran atractivo que chama a miles de visitantes.

Outro dos grandes atractivos do evento é a súa oferta gastronómica. Os restaurantes e bares do municipio preparan menús especiais inspirados na cociña dos países de destino dos indianos. É posible degustar pratos como roupa vella, tamales, tostóns, empanadas criollas ou mariscos preparados ao estilo caribeño, ademais de bebidas típicas como o mojito ou o daiquiri.



## RIBADEO INDIANO:

unha década conectando  
Galicia e América

### A RUTA DOS INDIANOS: EXPLORANDO A PEGADA DOS EMIGRANTES

Ao longo do ano, residentes e turistas teñen a oportunidade de explorar unha ruta que percorre o legado dos indianos en Ribadeo. Esta ruta divídese en dous itinerarios: un urbano e outro que abarca as parroquias do municipio. Aínda que non é posible abarcar toda a arquitectura indiana de Ribadeo neste percorrido, pódense admirar algunhas das edificacións máis destacadas, moitas das cales son verdadeiras xoias arquitectónicas. Ademais do seu atractivo visual, estas construcións contan a historia dun pasado que deixou unha pegada profunda no desenvolvemento de Ribadeo e na rexión galaico-asturiana. Os indianos, responsables destas obras, tiveron un papel clave na transformación económica e social da vila. Ribadeo, recoñecido como o municipio galego coa maior concentración de casas indianas, preséntase como un destino esencial para coñecer e desfrutar o legado dos emigrantes que regresaron á súa terra.

Esta ruta inicia no emblemático Cantón de Los Moreno, un lugar que recibe os visitantes e lles ofrece a oportunidade de explorar algunhas das xoias arquitectónicas máis destacadas de Ribadeo. Entre as primeiras paradas atópase a Torre de los Moreno, unha impresionante residencia construída entre 1914 e 1915 polo arquitecto Julián García Núñez, discípulo de Gaudí. Outra parada destacada é a Casa de Don Clemente, propiedade dun indiano que transformou dous edificios anexos nunha vivenda de gran envergadura. Ademais, a Casa de El Viejo Pancho, lugar de nacemento do poeta José Alonso Trelles, intégrase ao percorrido pola súa relevancia histórica.

Ao longo da ruta, os turistas adéntranse na Rúa Rodríguez Murias, onde se atopan algunhas das edificacións máis representativas da arquitectura indiana. O Barrio de San Roque, coñecido como o “barrio indiano”, é outro dos puntos clave do percorrido, destacándose pola súa concentración de vivendas de emigrantes retornados dende a década de 1870. Entre as vivendas que adornan o barrio atópanse a Casa da Axudantía, a Casa de Dona Esperanza Leiras, a Casa Rosa e a Casa dos Ananos, entre outras. Ademais, o percorrido inclúe a Casa de Sela, unha das construcións



indianas máis antigas de Ribadeo, e o Xardín dos Indianos, que homenaxea a memoria dos emigrantes con especies vexetais típicas tanto de Galicia como de América. No casco urbano, tamén se atopan a Casa do Óptico e o Cuartel Vello, que completan a Ruta dos Indianos.

A Ruta dos Indianos esténdese tamén ao ámbito rural, na denominada Ruta das Parroquias, que comeza na Granxa-Escola Pedro Murias, un claro exemplo do mecenado dos emigrantes. Este itinerario inclúe a Casa de San Xulián, construída en 1910, e a Casa de Don Inocencio, famosa por albergar o primeiro faro-guía privado do Cantábrico. Na parroquia de A Devesa, atópanse outras edificacións representativas, como o Círculo Habanero e a Casa-Torre Maseda. O cemiterio de A Devesa, financiado por emigrantes e fogar do mausoleo de Pedro Murias, e



## RIBADEO INDIANO:

unha década conectando  
Galicia e América



as casas Acevedo e Pancraccio, coñecidas pola súa arquitectura sobria e os seus xardíns con especies importadas, completan esta ruta que celebra o legado dos indianos. Estas rutas conforman unha parte esencial do patrimonio cultural de Ribadeo, invitando aos visitantes a explorar a historia e o impacto duradeiro dos indianos no desenvolvemento da vila e dos seus contornos.

### ACTOS E HOMENAXES

Ademais das rutas e das recreacións históricas, no Ribadeo Indiano adóitanse organizar diversos actos en memoria daqueles que deixaron a súa pegada na historia local.

Un exemplo é o torneo de petanca na honra do El Vello Pancho, poeta ribadense que emigrou a Uruguai e se converteu nunha figura destacada da literatura gauchesca.

O Mercado de Ultramar, instalado na Rúa San Roque, é outro punto de interese do evento. Nel pódense atopar produtos traídos directamente de América, como café, cacao, tabaco e especias exóticas, evocando o comercio transatlántico que tanto enriqueceu a economía da época.

Tamén se celebran conferencias e exposicións sobre a emigración, nas que se rescatan cartas orixinais dos indianos, testemuños daqueles que cruzaron o Atlántico en busca dun futuro mellor. Estas cartas, conservadas en arquivos e museos, ofrecen un relato valioso en primeira persoa sobre as experiencias dos emigrantes e o impacto que tiveran en Ribadeo ao seu regreso.

Un dos momentos máis agardados durante o Ribadeo Indiano é o Sorteo do Viaxe a Cuba, organizado pola Asociación de Comerciantes e Industriais de Ribadeo (ACISA). Este evento, que se converteu nunha tradición dentro da celebración, ofrece aos asistentes a oportunidade de gañar un viaxe á illa caribeña, conectando aínda máis a Ribadeo co seu pasado de emigración cara a América. O sorteo xera grande expectación e consolidouse como un atractivo turístico que chama a miles de visitantes, converténdose nun dos momentos máis esperados da festividade.

### UNHA DAS DATAS MÁIS AGARDADAS DO VERÁN

O Ribadeo Indiano transcende o ámbito festivo, converténdose nun homenaxe á historia de numerosas familias galegas que viviron a emigración de forma directa. É unha ocasión para render tributo a quen partiu, celebrar a quen regresou e preservar un legado que deixou unha pegada inesquecible na identidade do municipio.

Na súa décima edición, este evento, declarado de Interese Turístico, consolidouse como unha das festividadeas máis agardadas do verán galego, atraendo a miles de visitantes e transformando Ribadeo nun verdadeiro nexo entre Galicia e América. Un viaxe no tempo onde a nostalxia, a cultura e a celebración entrelázanse para homenaxear os indianos e o seu inestimable legado.



*muller & cultura*

# Fiadeiras



**Tecendo Rede entre Mulleres e Cultura**





mulleres & cultura

# Fiadeiras

## Tecendo Rede entre Mulleres e Cultura

Un ciclo que dá voz ás mulleres galegas no ámbito cultural

No panorama cultural galego, a reivindicación do papel das mulleres na construción da identidade e do pensamento segue a ser unha tarefa pendente. Con esta premisa nace Fiadeiras, un proxecto de Alba Díaz realizado en colaboración coa **UNED de Lugo**, que busca visibilizar e conectar as historias, traxectorias e experiencias de mulleres galegas que, grazas ao seu talento e esforzo, teceron un legado cultural e social significativo.

O termo Fiadeiras evoca a imaxe tradicional das **mulleres** que fiaban, unha tarefa que transcende o oficio artesanal para simbolizar a continuidade da sabedoría e a conexión interxeracional. O proxecto aposta por este simbolismo para reivindicar o papel fundamental das mulleres na cultura galega, destacando as súas achegas e fomentando redes de colaboración e sororidade.

O ciclo Fiadeiras preséntase como un espazo cultural de resistencia e reflexión, onde as creadoras galegas comparten as súas experiencias no ámbito laboral, social, político e cultural, e contribúen a conformar unha vangarda que é xa referencia universal e indiscutible.

A pesar das dificultades e obstáculos que atoparon no seu camiño, estas mulleres lograron vencer un marco desfavorable e funcional ao *statu quo*, e as súas creacións son valoradas polo seu valor intrínseco e a súa capacidade de inspirar ás novas xeracións.

A través de conversas, obradoiros e accións divulgativas, Fiadeiras favorece o intercambio de experiencias entre mulleres de distintas idades e perfís, reforzando a necesidade de tecer redes de apoio dentro da cultura galega.

A primeira edición do proxecto contou con cinco **protagonistas** de prestixio: Alba Díaz, Uxía Domínguez Senlle, Antía Otero, Idoia Costa, e Mónica Alonso, cada unha destacada en áreas como a fotografía, música, poesía, artesanía e a arte plástica, respectivamente.

Estas sesións non só ofrecen unha oportunidade para coñecer as súas experiencias, senón tamén para reflexionar sobre o impacto das mulleres na cultura e a sociedade galega e os desafíos que afrontan no ámbito cultural.



# Fiadeiras

## Tecendo Rede entre Mulleres e Cultura



### ALBA DÍAZ: COORDINADORA DE FIADEIRAS

A loita pola igualdade entre mulleres e homes ten implicacións complexas en todos os planos do mundo laboral, pero tamén, da nosa vida social, política, e cultural.

As **mulleres e o feminismo** como protagonistas políticas, de xeito máis ou menos explícito, lidamos no día a día con todo tipo de prexuízos, atrancos, discriminacións e iso que se deu en chamar o teito de cristal.

A actividade **artística e cultural** non é a excepción a un panorama xeral dominado por estruturas patriarcais e machistas que condicionan o xeito de concibir, valorar e promocionar as nosas creacións culturais así como a asunción por parte das novas xeracións de referentes femininos que contribúan a mudar o estado de cousas. De paso, este marco imposibilitou durante moito tempo que, con frecuencia, as mulleres acadasen por parte da cidadanía o recoñecemento social froito do seu traballo e talento ou gozasen do prestixio entre os seus pares masculinos no propio ámbito da industria cultural. Maila a iso, moitas das nosas creadoras **contribuíron dende posicións de resiliencia a conformar un espazo cultural de resistencia afeito á emerxencia e ás adversidades, facendo parte dunha incesante vangarda que é xa referencia universal e indiscutíbel**, polo valor intrínseco das súas creacións que, ademais, foron quen de vencer un marco moi desfavorábel e funcional ao status quo.



### UXÍA SENLLE: EMBAIXADORA DA MÚSICA GALEGA E VOZ DA LUSOFONÍA

Uxía Senlle, coñecida simplemente como Uxía, é unha figura fundamental na escena musical galega e unha das máis destacadas embaixadoras da música tradicional galega a nivel internacional. Con máis de tres décadas de traxectoria artística, Uxía non só renovou a música tradicional, senón que tamén contribuíu significativamente á difusión da lusofonía.

Uxía destaca pola súa capacidade para fusionar sons e culturas, creando un estilo único que transcende fronteira. Ademais da súa faceta musical, Uxía destaca polo seu incansable labor social. A súa voz non só é un instrumento musical, senón tamén unha ferramenta para o cambio social e a preservación da cultura galega.



# Fiadeiras

Un ciclo que dá voz ás mulleres galegas no ámbito cultural




## ANTÍA OTERO: POETA, EDITORA E MESTRA. A VOZ POÉTICA GALEGA QUE INSPIRA XERACIÓNS

Antía Otero é unha das voces máis destacadas da poesía galega actual. A súa obra transcendeu as fronteiras de Galicia, converténdose nunha referencia a nivel estatal. O seu talento e a súa visión única da poesía fixeron dela unha das autoras máis respectadas do panorama literario.

Ademais da súa faceta como poeta, Antía é unha das responsables de Apiario, un proxecto editorial que é un referente no mundo editorial galego, especialmente no ámbito da poesía.

A traxectoria de Antía Otero complétase cunha extensa experiencia como docente, faceta que enriquece aínda máis o seu perfil como figura integral no mundo da poesía galega.



## IDOIA CUESTA: DE BIÓLOGA MARIÑA A INNOVADORA DA CESTERÍA CONTEMPORÁNEA

Idoia Cuesta, unha artista que atopou na cestería a súa linguaxe perfecta, transcende os límites da artesanía tradicional para crear pezas contemporáneas e únicas. Nada en San Sebastián en 1969 e afincada en Outeiro de Rei (Lugo), Cuesta combina a súa formación como bióloga mariña coa súa paixón pola arte. Aínda que inicialmente estudou Bioloxía, o seu corazón sempre anhelou as Belas Artes, un desexo que finalmente cumpriu a través da cestería.

A súa viaxe artística comezou no [Centro de Artesanía e Deseño de Lugo](#), onde descubriu a súa vocación pola cestería. Dende entón, Cuesta desenvolveu un estilo único, fusionando técnicas tradicionais de tecido con innovacións contemporáneas. O seu talento levoulle a colaborar con marcas de prestixio como Loewe, Zara Home e Adolfo Domínguez.

Cuesta non só é unha artesá excepcional, senón tamén unha educadora e investigadora. Publicou a *Guía das plantas cesteables de Galicia* en 2006 e imparte formacións en escolas e universidades. O seu traballo foi recoñecido con numerosos galardóns, incluíndo o Premio Nacional de Artesanía en 2014 e o Premio Artesanía de Galicia en 2021.



# Fiadeiras

Un ciclo que dá voz ás mulleres galegas no ámbito cultural



## MÓNICA ALONSO: DE GALICIA AO MUNDO. A TRAXECTORIA DUNHA ARTISTA PLÁSTICA SEN FRONTEIRAS

Mónica Alonso, recoñecida artista plástica galega, destaca pola súa traxectoria internacional e enfoque multidisciplinar. A súa carreira experimentou un impulso significativo a finais dos 90 e principios dos 2000, coa obtención de prestixiosas bolsas que lle permitiron desenvolver proxectos en Nova York, Roma e outros lugares do mundo.

Entre os seus logros máis salientables atópanse a Bolsa Feno-sa (1999), que a levou ao Acconci Studio en Nova York, e a Bolsa da Academia de España en Roma (2005). O seu proxecto “Do frío ao calor, do calor ao frío, pasando polo temperado”, financiado pola Bolsa CAM de Arte Contemporánea, levou a Alonso a explorar contrastes climáticos en lugares tan diversos como Oslo, São Paulo, a Patagonia arxentina e o Sáhara.

A versatilidade de Alonso reflíctese na súa participación en proxectos arquitectónicos, como a **Bienal de Venecia** (2002), e en intervencións no ámbito sanitario, como a “Terapia Habitación de Hospital” no Hospital Clínico Universitario de Santiago (2008-2010). A súa traxectoria culminou co seu ingreso na **Academia Galega de Belas Artes** en 2022, consolidando a súa posición como figura clave na arte contemporánea galega.

## IMPACTO E REPERCUSIÓN

A primeira edición de *Fiadeiras* acadou un grande éxito tanto na súa asistencia presencial como na súa proxección dixital. As actividades recibiron unha valoración media de **4,8 sobre 5**, destacando a calidade das intervencións e o seu valor inspirador. Ademais, a difusión nas redes sociais superou as **10.000 visualizacións**, consolidando a pegada dixital do proxecto e ampliando a súa audiencia.

O proxecto acadou un impacto directo con **máis de 300 asistentes** ás actividades presenciais e un impacto indirecto a través da difusión en plataformas dixitais.

## O COMPROMISO COA IGUALDADE

Alén da súa vertente cultural, *Fiadeiras* é un proxecto comprometido coa igualdade de xénero. Entre os seus logros, destaca a visibilización de mulleres referentes, a xeración de espazos de reflexión sobre os retos do feminismo no eido artístico e a conexión entre a tradición e a innovación a través das súas protagonistas.

O proxecto establece ademais sinerxías con outras iniciativas da UNED Lugo, como as **Xornadas Aprendendo Feminismo**, fortalecendo a programación do Mes da Muller e reforzando o impacto comunitario a través da colaboración con entidades locais e colectivos feministas.



# XLI MOEXMU

## 4, 5 e 6 de abril 2025

Recinto feiral  
Manuel Vila  
**MUIMENTA**  
LUGO





# MOEXMU

## ASOCIACIONISMO

Autor:

JOSÉ MANUEL RUS



**M**uimenta é, para moita xente, referencia da súa unión, do seu traballo, do seu esforzo e/ou das súas iniciativas que dignifican e poñen en valor a vida no rural, promovidas a maioría delas, pola súa veciñanza.

Esta realidade empezou fai moitos anos: na xeneración dos nosos maiores. Ao longo dos anos, deron sobradas mostras do traballo colectivo: liderando as xestións para levar á “traida da auga” a maioría dos fogares de Muimenta ou da construción, con recursos veciñais, do Campo de Fútbol, ambas ao longo dos anos setenta; das pistas para xogar ao tenis ou do Centro de Saude na década dos oitenta; da Área Recreativa Ribas do Miño, así como da cesión de terreos para a construción do Colexio Público ou

da adquisición do Recinto Feiral “Manolo Vila”, cos cartos dunha masa forestal, ao longo dos anos noventa.

Iniciativas, que ao longo destes anos, se lle foron sumando outras: a restauración da Igrexa Vella para a súa reconversión nun muese e nunha sala de conferencias e exposicións; a MOEXMU, que engloba o único concurso de gando que se leva a cabo na provincia; a Festa da Filloa (hoxe recoñecida como de Interese Turístico de Galicia); XOTRAMU que recuperou os xogos tradicionais ou o Festival e a Foliada do Pozomouro, onde a xuventude do pobo, pon en valor a tradición e a cultura galega.

Todas estas actividades, **sempre**, baixo o espírito e a premissa do esforzo da colectividade veciñal, da súa unión, da súa forza. Dignificando o rural. Un rural onde se pode vivir, traballar, realizar intercambios culturais, e onde tamén poden xurdir iniciativas vanguardistas. Un rural con recursos.

**Un rural, con futuro.**

Exemplos, que se transmitiron dende os nosos antepasados a nosa xeneración e que nos, faremos o propio coas vindeiras que nos sucederán no futuro. Ou mellor dito: que xa están tomando o relevo coas súas iniciativas, convivindo todas grazas ao traballo e o esforzo dos veciños e veciñas de Muimenta.

Pero imos a centrarnos nun exemplo, a feira decana da provincia de Lugo: MOEXMU.

MOEXMU É Muimenta e pode resumir claramente o reflexo da súa veciñanza, do seu traballo colectivo, das súas inquiredanzas, do seu asociacionismo, da súa loita, da súa defensa do rural...



## MOEXMU



MOEXMU son moitas cousas en unha sola: é ilusión, é esforzo, é cultura, é tradición, é artesanía, é maquinaria, é concurso de gando frisón, é exposición de gando rubio galego, é poxa de gando selecto.

MOEXMU contribúe a poñer en valor o mundo rural, a profesionalizar o sector agrario, promocionando a profesión de gandeiro, así como potenciando e dando visibilidade ás mulleres e aos mozos, estes últimos, por exemplo, con actividades como os concursos de peladores e manexadores novos.

MOEXMU leva catro décadas acudindo anualmente a súa cita, primeiro no mes de xullo e dende principios deste século, no mes de abril. Co seu traballo veciñal, encabezado polo tecido empresarial de Muimenta, convertiu á MOEXMU e a capacidade de unión e organización dos seus veciños e veciñas, nun referente a nivel de Galicia.

MOEXMU é a mostra decana do noso país, un referente e un escaparate do sector agrogandeiro de Galicia e do norte peninsular, pero tamén da transmisión do traballo manual e que estivo a punto de desaparecer: grazas á presenza dos poucos zoqueiros que quedaban no pobo en diferentes edicións da mostra, logramos a visibilidade do seu traballo, a consecución dun museo onde poder ver,

por exemplo, todo o material e o proceso de elaboración dunha zoca, pero tamén, que as novas xeneracións se interesen por este oficio, sendo un exemplo, o Florencio de Barreiros (rapaz que acaba de cumprir a maioría de idade), e que está a punto de alcanzar o número mínimo de zocas feitas, para ser considerado, como el mesmo di, como un zoqueiro.

Pero tamén é un referente a **Festa da Filloa de Muimenta**. E ti, lector destas liñas, seguro que tamén puidesche ver, fai pouco tempo, unha representación das nosas filloeiras e a seu traballo tradicional ao longo da xeografía de toda Galicia, promocionando unha recoñecida marca de aceites do país. E sabías que chegamos ata a capital de España elaborando as nosas filloas para a colectividade galega que vive alí. Ambos exemplos, eran impensables cando arrancou este evento no ano noventa e dous, pero constitúen todo un logro para o traballo colectivo de Muimenta.

Son varios os recoñecementos acadados nos últimos meses: o **Premio Aresa de Desenvolvemento Rural**; o Premio AGADER (Axencia Galega de Desenvolvemento Rural) no sector Agrogandeiro; Premio de Turismo Sostible da pro-



## MOEXMU



vincia de Lugo, ou a V ao Veciño Exemplar... Todos eles teñen un denominador común: destacan e poñen en valor o traballo desinteresado que a veciñanza de Muimenta leva a cabo durante todo o ano para sacar adiante iniciativas como a da MOEXMU ou a Filloa.

Pero permitídenos que, sobre todas elas, destaquemos a homenaxe que o pasado mes de setembro tivo lugar no Recinto Feiral “Manolo Vila” de Muimenta, ao traballo desempeñado polos cento seis homes e mulleres que, ao lon-

go destes corenta anos, foron parte, tanto como fundadores como integrantes das seis comisións organizadoras de empresarios e empresarias que levaron a cabo a MOEXMU. Un acto emotivo e entrañable, no que se puxo de manifesto, unha vez máis, o traballo, a ilusión e o esforzo de Muimenta e da súa veciñanza. E, onde os que xa non están entre nos, tiveron especial protagonismo e continuarán acompañándonos coa súa lembranza.

Que o seu exemplo continúe e perdure no tempo.



## ENTREVISTA A

**José Manuel Rus**

José Manuel Rus é o xerente da Mostra Exposición de Muimenta (Moexmu) desde 1998. O labor de José Manuel Rus contribuíu significativamente ao desenvolvemento rural e foi fundamental no mantemento e crecemento da Moexmu, que se converteu nun referente para o sector gandeiro galego. A súa formación universitaria e o seu coñecemento do sector gandeiro proporcionanlle unha visión global sobre a situación actual e os desafíos futuros do sector. Baixo a súa xestión, a Moexmu recibiu recoñecementos importantes, como o Premio Aresa de Desenvolvemento Rural e o Premio Agader do Sector Agrogandeiro en 2024.



# Moldavia no foco

UNED Lugo Sen Fronteiras explora a realidade dun país crave na xeopolítica actual



En edicións anteriores de Uned Lugo sin Fronteras, o ciclo abordou países como Polonia (2023), explorando as relacións hispano-polacas e os desafíos actuais do país; Romanía (2022), analizando a importancia da comunidade romanesa en España; Belarús (2021), incluíu unha exposición fotográfica sobre Chernóbil, e Albania (2019), ofreciendo unha visión da cultura cotiá albanesa.



O ciclo UNED *Lugo Sen Fronteiras*, referente cultural na cidade, pechou a súa edición 2024 cunha conferencia dedicada á República de Moldavia, un país pouco coñecido en España pero de gran relevancia xeopolítica. A xornada, celebrada o 20 de xuño no Salón de Actos do Centro Asociado UNED Lugo, ofreceu unha aproximación detallada á historia e o contexto sociopolítico desta nación estratexicamente situada entre Rusia e Ucraína.

Baixo o título “República de Moldova: cara a unha consolidación da democracia e resiliencia social”, a conferencia contou coa participación de dous expertos: o Dr. José López Riopedre, coordinador do ciclo e profesor-titor da

UNED, e a Dra. Mariana Iatco, profesora do Departamento de Ciencias Políticas e Administrativas da Universidade de Estado de Moldova.

A Dra. Iatco ofreceu unha perspectiva interna sobre os desafíos que enfrenta Moldavia no seu camiño cara á consolidación democrática, mentres que o Dr. López Riopedre contextualizou a importancia xeopolítica do país no marco do conflito entre Rusia e Ucraína.

A conferencia sobre Moldavia, que puido seguirse tanto de forma presencial como en liña, marca un fito máis na traxectoria deste ciclo, que ano tras ano achega ao público a realidade de países e grupos étnicos pouco coñecidos, pero de gran relevancia no panorama internacional actual.



# EUROPA ANTE O ESPELLO:

## DESAFÍOS INTERNOS E EXTERNOS

Autor:

**FERNANDO MARTÍNEZ ARRIBAS**

Para celebrar o Día de Europa, conmemorando un ano máis a data da coñecida como *Declaración Schuman*, que puxo as bases para a reconciliación franco-alemá e a creación das Comunidades Europeas, o Centro Asociado da UNED de Lugo decidiu que o 9 de maio de 2024 impartise unha conferencia Estefanía Molina Morales, xornalista e politóloga de formación, recoñecida analista política en medios de comunicación e autora do libro *El berrinche político*.

Na súa conferencia, Estefanía Molina realiza unha análise da evolución da Unión Europea (UE), que pasou de ser un actor cuxo obxectivo era evitar a guerra entre os seus

membros e desenvolver unha unión de natureza eminentemente económica, a unha dimensión moito máis política, capaz de transmitir un sentido solidario e mutualizado en ámbitos como a guerra de Ucraína.

Partindo disto, destaca a importancia das eleccións ao Parlamento Europeo que se ían celebrar ao mes seguinte (entre o 6 e o 9 de xuño de 2024) e que, conforme sinalaban algúns sondaxes, podían deixar como segunda forza no ámbito europeo a formacións de corte populista e euroescéptico, vinculadas a novas dereitas ou extrema dereita. Ademais, apunta que o escenario podería ser aínda máis complexo coa eventual chegada ao poder de Donald Trump nas elec-



## EUROPA ANTE O ESPELLO: DESAFÍOS INTERNOS E EXTERNOS

cións de novembro (posibilidade posteriormente confirmada), e os efectos que isto podería ter no ámbito xeopolítico (e singularmente en materia de seguridade e defensa), cunha Europa eventualmente máis desprotexida.


Por este motivo, **Estefanía Molina** centra boa parte da súa intervención en analizar as posibilidades de acción da actual Unión Europea, onde os dirixentes das institucións comunitarias adquiriron unha nova lexitimidade, como demostra o papel da presidenta da Comisión, Von der Leyen, ou do antigo Alto Representante, Josep Borrell, en Ucraína. Así pois, Ucraína aparece na conferencia como un elemento determinante para o futuro da UE, incidindo no tipo de modelo (respecto das fronteiras, defensa dos Estados, defensa dos dereitos) e concibindo Ucraína como un dique de contención no contexto da xeopolítica internacional (países bálticos, Xeorxia, etc.).

É certo, sinala tamén Estefanía Molina, que a UE non só debe afrontar un desafío exterior senón tamén interno, pois no seu seo están a cobrar cada vez máis relevancia partidos e formacións con discursos populistas ou euroescépticos.

Neste sentido, haberá que avaliar os próximos pasos da UE, asociada a un modelo de unión política e respecto dun conxunto de valores ligados á democracia e aos dereitos humanos, pero que tamén é unha especie de “ser vivo” en constante evolución, que pode seguir medrando e resistir á onda de euroescepticismo. Isto non impide que a UE teña interiorizado determinados diagnósticos populistas que xa levaron a cambios substanciais en determinadas políticas, como as relacionadas coa inmigración ou coa denominada **axenda verde**.







Falamos?  
GALEGO

## A Lingua Materna como Dereito e Patrimonio

Autora:

ANA BELÉN TRASEIRA PENA

### A IMPORTANCIA DA LINGUA MATERNA NA EDUCACIÓN E NA SOCIEDADE

A conmemoración do *Día Internacional da Lingua Materna*, proclamado pola UNESCO en 1999, serve para poñer de relevo a importancia das linguas como ferramentas fundamentais para a educación, a identidade e a cohesión social. O lema deste ano, "*As linguas importan: Celebración do aniversario de prata do Día Internacional da Lingua Materna*", subliña o papel esencial da lingua materna no proceso educativo e no acceso igualitario ao coñecemento.

Actualmente, o 40% da poboación mundial non ten acceso á educación na súa lingua materna, e en determinadas

rexións esta cifra supera o 90%. A investigación científica demostra que o uso da lingua materna na educación favorece a adquisición de coñecementos, reforza a autoestima e potencia o pensamento crítico. Ademais, contribúe á preservación da diversidade cultural e á transmisión do saber interxeracional.

Porén, a globalización ameaza a supervivencia de moitas linguas. Calcúlase que, das 6.000 linguas existentes, o 43% está en risco de desaparición. O retroceso lingüístico non só implica a perda dun sistema de comunicación, senón tamén a erosión dunha cultura, dunha identidade e dunha forma de interpretar o mundo.



## O GALEGO NO MARCO NORMATIVO EUROPEO E ESTATAL

A protección das linguas minoritarias e rexionais, como o galego, está avalada por diversos textos legais. No caso do Estado español, a Constitución recolle o deber de promover e protexer as linguas cooficiais, dereito que se desenvolve no Estatuto de Autonomía de Galicia e na Lei de Normalización Lingüística.

A nivel europeo, a *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias*, asinada por España en 1992 e ratificada en 2001, compromete aos estados a garantir a protección e promoción destas linguas.

O artigo 7, punto 2 da *Carta Europea das Linguas Rexionais ou Minoritarias* establece que:


*“As Partes comprométense a eliminar, se aínda non o fixeron, toda distinción, exclusión, restrición ou preferencia inxustificadas con respecto á utilización dunha lingua rexional ou minoritaria, cuxo obxectivo sexa desincentivar ou poñer en perigo a súa continuidade ou desenvol-*

*vemento. A adopción de medidas especiais en favor das linguas rexionais ou minoritarias, destinadas a promover a igualdade entre os falantes destas linguas e o resto da poboación, e orientadas a ter en conta as súas situacións particulares, non se considerará un acto de discriminación cara aos falantes das linguas máis estendidas.”*

Este principio obriga aos estados a garantir que ningunha política lingüística supoña unha discriminación ou poña en risco a supervivencia dunha lingua minoritaria.

A pesar deste marco legal, a realidade mostra que aínda existen limitacións que afectan o galego. En setembro de 2024, o *Consello de Europa* instou as autoridades galegas a **eliminar a prohibición de impartir materias de ciencias en galego**, considerando que esta restrición vulnera os dereitos lingüísticos e prexudica a normalización da lingua no ámbito académico. Así mesmo, recomendou garantir a presenza do galego na educación infantil en zonas urbanas, mellorar o acceso á xustiza nesta lingua e crear materiais didácticos en galego para a formación profesional e a educación a distancia.

## USO DO GALEGO EN GALICIA



## ESTADO ACTUAL DO GALEGO: QUE DIN OS DATOS?

Para analizar a situación do galego, podemos recorrer aos informes sobre coñecemento e uso da lingua publicados polo Instituto Galego de Estatística (IGE). O último estudo, divulgado en outubro de 2024<sup>1</sup>, presenta datos preocupantes:

- O **castelán xa é a lingua máis falada en Galicia**: o 53,77% da poboación fala maioritariamente en castelán, fronte a un 46,23% que se comunica principalmente en galego.
- Entre os menores de 15 anos, **o 32,44% non sabe falar galego**.
- A porcentaxe de fogares onde se fala exclusivamente galego descendeu do 22,21% en 2013<sup>2</sup> ao 17,29% en 2023.
- No ámbito laboral, só o 22,41% das persoas usa sempre o galego cos compañeiros.
- O galego ten unha presenza escasa nos medios de comunicación e na internet: só o 18,57% das persoas consume contidos en galego na televisión, e un 19,35% usa o galego en internet.

A evolución ao longo da última década evidencia unha tendencia á perda de falantes habituais. O retroceso da transmisión interxeracional e a falta de presenza en espazos clave, como a ciencia, a tecnoloxía e os medios de comunicación, constitúen desafíos para a supervivencia do galego.

## A CIENCIA E A TECNOLOXÍA: UN RETO PENDENTE PARA O GALEGO

No ámbito científico e tecnolóxico, a situación do galego tamén presenta retos. Segundo o informe *European Language Equality*<sup>3</sup>, o galego dispón de escasos recursos tecnolóxicos, especialmente en datos multimedia, o que

limita o seu desenvolvemento dixital e a súa integración en ferramentas como a intelixencia artificial.

A Real Academia Galega e organismos internacionais reclaman maior presenza do galego no ensino das ciencias, na xustiza e nos servizos públicos. O *Consello de Europa*, ademais de pedir a eliminación da prohibición de impartir ciencias en galego, recomendou medidas para garantir o seu uso en hospitais, tribunais e materiais didácticos da formación profesional.

### Como sinala Pilar García Negro:

*“A lingua galega non pode ficar fóra da consideración de obxecto de uso científico, non só de obxecto de estudo científico.”*<sup>4</sup>

A nivel divulgativo, iniciativas como *Igaciencia*, *XuvenLab USC* ou proxectos individuais de científicos como Xurxo Mariño e Débora García Bello contribúen á visibilización do galego na ciencia, pero a realidade mostra que o camiño cara a unha presenza normalizada segue sendo longo.

## CONCLUSIÓN: O FUTURO DO GALEGO, UNHA RESPONSABILIDADE COMPARTIDA

Os datos amosan unha realidade innegable: o galego está a perder falantes e espazos de uso. Mais as linguas non desaparecen por decreto, senón por falta de uso. O futuro do galego depende tanto das políticas públicas como do compromiso individual de falantes e institucións.

Cada palabra en galego pronunciada, cada libro lido, cada proxecto impulsado nesta lingua é un chanzo máis na súa supervivencia. Falémola, defendámola e vivámola, porque o galego non é só un legado do pasado, senón un compromiso co futuro.

1 IGE. (2024, decembro 11). Enquisa estrutural a fogares. Coñecemento e uso do galego.

2 IGE. (2014, decembro 5). Enquisa de condicións de vida das familias. Coñecemento e uso do galego. Ano 2013. Resumo de resultados.

3 José Manuel Ramírez Sánchez, A., & García Mateo, C. (2022). D1.15 Report on the Galician Language. Ligazón

4 Pilar, M., & Negro, G. (2009). Razóns para o uso do galego na docencia universitaria e na investigación.



# A desinformación



Autor:

**ADRIANO J. ALFONSO RODRIGUEZ**

Que se veu denominando desinformación - tamén chamado “bulo” ou “fake news”- tivo eco en diferentes documentos de traballo. Así, xa desde o ano 2021 comezouse a ver como un factor de desestabilización que pode causar un risco á nosa Seguridade Nacional e isto púxose de manifesto ao fío da pandemia, de tal xeito que:

“A situación de pandemia mundial potenciou aínda máis as relacións interpersoais mediante medios telemáticos que inclúen as redes sociais e aplicacións de mensaxería instantánea, onde prolifera a desinformación. O uso da desinformación para apoiar outras actividades desestabilizadoras, como poden ser as que afecten ao control dos fluxos migratorios, conforma o vector de maior risco”.

Por tanto, resulta de particular importancia observar o desenvolvemento de novos medios de comunicación a través das denominadas redes sociais que, cun efecto multiplicador, froito da chamada “revolución dixital”, convértese nun mecanismo de tensión mediante a propagación de

bulos daniños, datos irrealis, notoriamente falsos ou creadores dunha realidade ficticia. Para iso, é necesario fixarse na mensaxe e confrontar información falseada cunha rectificación clara e adecuada coa realidade a modo de espello, por tanto:

“...a corrección de información falsa adoita ser máis exitosa cando se acompaña dunha explicación distinta ao relato difundido a través da desinformación e cando se espertan sospeitas sobre a súa fonte emisora. Así, a argumentación debería recoller sempre as posibles motivacións que deron lugar á emisión dese contido falso, evitando explicacións demasiado longas ou complexas de comprender”

En suma, a necesidade de confrontar a falsidade coa realidade, explicada pedagoxicamente con datos certos, contrastados e obtidos con métodos estandarizados, é a mellor receita para crear un espazo de tolerancia libre, crítico e sensato que permita tomar as mellores decisións sempre pensando no interese xeral dos cidadáns e cidadás. Non podemos esquecer que está en xogo o sistema de

## A DESINFORMACIÓN

liberdades e a propia democracia, algo que puxo de manifesto incluso a Memoria da Fiscalía Xeral do Estado do ano 2024, correspondente ao ano 2023, que sinala:

“Naturalizouse nos medios e na sociedade en xeral a convivencia coa desinformación, e por ende cun elemento que, sen dúbida, pode socavar a nosa estrutura de valores democráticos. O que os representantes das distintas institucións, partidos políticos ou asociacións do terceiro sector rexeiten a polarización social existente na actualidade e recoñezan a responsabilidade que en gran medida ten a

desinformación nesta situación, non serve de nada se non existe un verdadeiro empeño común en non utilizar esta ferramenta a conveniencia de intereses propios”.

É necesario evitar que nos guíen na toma de decisións feitos deformados, non contrastados e provocados que poidan perturbar o noso modelo de conveniencia e de respecto mutuo legando, ás novas xeracións, co rexeitamento a aquelas visións que non responden á realidade, un renovado espazo de liberdade e tolerancia que permita entendernos na diferenza e na pluralidade.

### ENTREVISTA EN LCDPODCAST A ADRIANO ALFONSO

Adriano Alfonso, xuíz, profesor e doutor en dereito aborda no primeiro pódcast de LCD un tema crucial da nosa época, o fenómeno da desinformación; un desafío estrutural que ameaza directamente a estabilidade das nosas institucións democráticas.

Ante este panorama é necesario que as administracións públicas desenvolvan estratexias máis áxiles e proactivas, e que a sociedade sexa consciente da responsabilidade na difusión de información. A verificación de fontes e o pensamento crítico son ferramentas fundamentais para combater a desinformación e preservar a integridade do noso sistema democrático.





# LCD

Lugo Cultura Dixital  
MURALLA ABERTA

ORGANIZA:



COLABORA:

